

NORMATIVA REGULADORA DOS CONCURSOS DE ACCESO AOS CORPOS DOCENTES UNIVERSITARIOS E DO PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN DE PROFESORADO CONTRATADO DOUTOR CON VINCULACIÓN PERMANENTE NA UNIVERSIDADE DE VIGO.

En desenvolvemento dos Estatutos da Universidade de Vigo, da L.O. de Universidades 6/2001 e do Decreto 774/2002 que regulaba o sistema de habilitación nacional para o acceso aos corpos de funcionarios docentes universitarios e o réxime de concursos de acceso, aprobouse na sesión de Consello de Goberno de 11.05.04 a normativa reguladora dos concursos de acceso entre habilitados.

Tamén en desenvolvemento dos Estatutos da Universidade de Vigo e da L.O. de Universidades 6/2001, aprobouse na sesión de Consello de Goberno de 14.05.05 a normativa que regula o procedemento de selección de profesores contratados doutores.

Como consecuencia dos últimos cambios normativos que afectan ao profesorado universitario, tales como a modificación da L.O. de Universidades 6/2001 pola L.O. 4/2007, o establecemento dun sistema de acreditación nacional para o acceso aos corpos docentes universitarios mediante o R.D. 1312/2007 e a nova regulación dos concursos de acceso a corpos docentes universitarios, faise necesaria unha modificación da actual normativa da Universidade de Vigo que regula os concursos de acceso aos corpos docentes universitarios.

A motivación das modificacións baséase nos seguintes puntos:

1. A nova redacción da LOU, traslada aos Estatutos a capacidade de regular a composición das Comisións e establece así mesmo que nos concursos deberá valorarse o historial académico, docente e investigador do candidato ou candidata, o seu proxecto docente e investigador, así como contrastar as súas capacidades para a exposición e debate na correspondente materia ou especialidade en sesión pública. Posto que a actual normativa non prevé a exposición dun proxecto docente e investigador, faise necesario incorporar o dito requisito na normativa dos concursos.
2. A normativa anterior esixía aos membros da Comisión de selección como requisitos curriculares a posesión de dous tramos de investigación (sexenios) no caso de Catedráticos de Universidade e un sexenio para os restantes corpos docentes. A nova lexislación aumenta este requisito a tres e dous sexenios, respectivamente, para os membros das Comisións de acreditación, non establecendo nada para os membros das Comisións de concursos de acceso. Co obxecto de garantir uns certos requisitos curriculares nas comisións dos concursos de acceso, faise necesario incorporar explicitamente os devanditos requisitos.

3. A nova normativa, a diferenza da anterior, carece dunha especificación sobre a convocatoria e os prazos de resolución da mesma, polo tanto, é necesario incorporar estes aspectos de forma explícita.

4. O carácter permanente da figura de Profesor Contratado Doutor aconsella establecer para eles un procedemento de selección de similares características aos dos corpos docentes universitarios.

De acordo co anteriormente establecido e vistos os artigos 14.4 e 16.3 do regulamento de profesorado da Universidade de Vigo, o Consello de Goberno, na súa sesión do día 8 de outubro de 2008, tomou os seguintes acordos sobre a composición, designación e probas destes concursos:

PRIMEIRO: Designación dos membros das comisións de selección

1. Conforme ao establecido no artigo 83 dos Estatutos da Universidade de Vigo, as Comisións de selección serán aprobadas polo Consello de Goberno, a proposta dos departamentos, e estarán compostas por 5 membros da área de coñecemento de dentro ou fóra da universidade, ou, no seu defecto, de áreas afíns, todos eles de categoría igual ou superior á da praza obxecto de concurso.

2. O Consello de Departamento remitirá ao Consello de Goberno a seguinte proposta:

- a. Presidente titular e presidente suplente, que serán Catedráticos de Universidade con dous tramos de investigación recoñecidos.
- b. Secretario titular e secretario suplente, que serán profesores doutores con vinculación permanente de categoría igual ou superior á da praza obxecto de concurso e contarán con:
 - Polo menos un tramo de investigación recoñecido para o caso de concursos de acceso ao corpo de profesores titulares de universidade e para os concursos de selección de profesorado contratado doutor
 - Polo menos dous tramos de investigación recoñecidos para o caso de concursos de acceso ao corpo de catedráticos de universidade.
- c. Seis vogais que cumpran, polo menos, os mesmos requisitos que o Secretario.

O Consello de Goberno designará, por sorteo público, os vogais propostos no apartado 2.c. que ocuparán os postos titulares e suplentes.

Excepcionalmente, o Consello de Goberno poderá eximir aos membros das Comisións dos requisitos sinalados nos apartados 2.b e 2.c referidos a tramos de investigación, cando non sexa posible completar a Comisión con membros que os cumpran.

A composición das Comisións de selección deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, procurando unha composición equilibrada entre mulleres e homes, salvo que non sexa posible por razóns fundadas e obxectivas debidamente motivadas.

SEGUNDO: Convocatoria

1. A convocatoria, realizada por Resolución do Reitor, determinará as prazas obxecto do concurso, sinalando a categoría do corpo, a área de coñecemento á que pertencen e, no seu caso, as actividades docentes e investigadoras asignadas. A existencia de ditas especificacións, en ningún caso, suporá, para quen obteña a praza, un dereito de vinculación exclusiva a esa actividade docente e investigadora, nin limitará a competencia da Universidade para asignarlle distintas obrigacións docentes e investigadoras. En ningún caso, poderase facer referencia a orientacións sobre a formación dos posibles candidatos ou calquera outras que vulneren os principios de igualdade, mérito e capacidade para o acceso á función pública ou establezan limitacións aos dereitos dos funcionarios recoñecidos polas leis.

2. Na convocatoria, indícaranse, así mesmo, as características das solicitudes e os prazos de presentación das mesmas, a composición da Comisión, as fases do desenvolvemento do concurso e os seus prazos de acordo coa normativa vixente.

TERCEIRO: Concurso

1. A Comisión deberá constituírse no prazo dun mes desde a publicación da relación definitiva de admitidos e excluídos. No acto de constitución a Comisión establecerá e fará públicos, antes do acto de presentación, os criterios de valoración do concurso adecuados ao perfil da praza.

2. O Presidente da Comisión convocará aos concursantes ao acto de presentación cunha antelación mínima de dez días hábiles, indicando lugar e hora para realizar o acto de presentación.

3. No acto de presentación, os concursantes entregarán por sextuplicado o curriculum vitae no que detallarán os seus méritos, historial académico docente e investigador, así como o seu proxecto docente e investigador adecuado ao perfil do concurso, tamén por sextuplicado. Ademais entregarán un exemplar das publicacións e dos documentos acreditativos do consignado neste, con independencia de que a Comisión poida solicitar documentación complementaria acreditativa orixinal ou compulsada.

4. Neste mesmo acto determinarase, mediante sorteo, a orde de actuación dos candidatos e a Comisión fixará e publicará o lugar e hora do comezo da proba, a cal deberá iniciarse nun prazo máximo de dez días hábiles contados desde o día do acto de presentación.

5. Os concursos realizaranse en dependencias da Universidade de Vigo. Constarán dunha única proba, que será pública e que consistirá na exposición oral, durante un tempo mínimo de trinta minutos e máximo de dúas horas, dos méritos e historial académico docente e investigador, así como do proxecto docente e investigador presentado. A continuación, a Comisión debaterá co candidato durante un tempo máximo de dúas horas sobre os seus méritos, o seu proxecto docente e investigador e a adecuación destes ao perfil da praza obxecto de concurso.

6. Finalizada a proba, cada membro da Comisión entregarlle ao Presidente un informe razoado, axustado aos criterios previamente fixados de cada un dos concursantes, con expresión explícita de voto favorable ou desfavorable.

11. Para superar a proba é necesario obter, polo menos, tres votos favorables dos membros da Comisión.

CUARTO: Proposta de provisión

1. A proposta de provisión de prazas realizarase en base aos votos favorables recibidos dos membros da Comisión. En caso de empate recorrerase á votación, sen que sexa posible a abstención. De persistir o empate, dirimirá o voto do presidente.

2. As Comisións proporán ao Reitor, motivadamente e con carácter vinculante, unha relación de todos os candidatos e candidatas que superaran a proba por orde de preferencia para o nomeamento dun número deles que non exceda o número de prazas convocadas a concurso. A lista priorizada de candidatos e candidatas que superaran a proba e non fosen nomeados constituirá unha lista de agarda para cobertura da praza obxecto do concurso en caso de se producir renuncia dalgún candidato proposto para nomeamento, e para os efectos do que estableza a Normativa de substitución da Universidade de Vigo.

3. De non acadar ningún candidato polo menos tres votos favorables, o proceso poderá concluír coa proposta de non provisión, que deberá ser suficientemente motivada.

4. O tempo transcorrido entre a publicación da convocatoria e a resolución do concurso non poderá exceder de catro meses.

QUINTO: Reclamacións

5. Contra a proposta da Comisión, os candidatos admitidos ao concurso poderán presentar reclamación ante o Reitor da Universidade de Vigo no prazo máximo de dez días hábiles. A reclamación será valorada pola Comisión de Reclamacións que resolverá no prazo máximo de tres meses.

Disposición transitoria primeira. Este acordo substitúe ao acordo de Consello de Goberno de 11/05/2004 agás no referente a concursos de acceso entre habilitados publicados en virtude da disposición transitoria primeira da Lei Orgánica 4/2007 de 12 de abril (BOE 13/04/2007) pola que se modifica a Lei Orgánica 6/2001, de 21 de Decembro, de Universidades.

Disposición transitoria segunda. Este acordo substitúe ao acordo de Consello de Goberno de 14/07/05 agás no referente ás prazas xeradas polos apartados 1 a 7 da disposición transitoria primeira do regulamento de profesorado, as prazas xeradas polo programa especial de promoción nas convocatorias 2005, 2006, 2007 e as prazas aprobadas pola COAP con anterioridade á aprobación desta normativa, que seguirán rexéndose polo acordo do Consello de Goberno de 14/07/05.

Disposición final: Este acordo entrará en vigor ao día seguinte da súa aprobación polo Consello de Goberno.